

BANDO

D. José A. Eiras Paz, alcalde-presidente do Concello de Moraña,

FAI SABER:

Que a Deputación Provincial de Pontevedra (Área de Acción Social) oferta un catálogo de cursos baixo o nome “**ACTÍVATE**” - **Cursos Xuventude 2010**, a celebrarse en diferentes concellos da provincia, entre os meses de setembro e decembro deste ano.

Estes cursos, **dirixidos a persoas entre 16 e 35 anos** (ambos inclusive), terán unha duración de 30 horas, sendo as actividades formativas ofertadas as seguintes:

LISTADO DE CURSOS

Servizos na empresa

Contratos e nóminas
Técnicas de venda
Atención ao público
Caixeira e repoñedora
Prevenición de riscos laborais
Organización de eventos
Protocolo
Corte e Confección
Poda e Xardinería
Reparacións domésticas de fontanería, albanelería e carpintería
Mecánica básica do automóbil
Cociña e repostería
Conservación de alimentos, conservas artesanais
Tapas, pinchos e canapés
Dietética e Nutrición
Maquillaxe e estética
Informática: iniciación
Inglés
Galego



Servizos a persoas

Primeiros auxilios
Coidado de persoas maiores no fogar
Coidado de axuda no fogar
Coidado de nenos
Básico de linguaxe de signos
Formación básica para monitores de tempo de lece

Área de desenvolvemento persoal

Técnicas de relaxación e educación postural
Autoestima e valoración persoal
Técnicas de comunicación e habilidades sociais
Intelixencia emocional
Obradoiro de sexualidade

Área de actividades artísticas

Pintura e debuxo artístico (iniciación)
Fotografía (iniciación)

Área de igualdade entre homes e mulleres

Muller e violencia de xénero: taller práctico de prevención
Corresponsabilidade e reparto de tarefas no fogar



No Concello de Moraña levarase a cabo un destes cursos tendo en conta aqueles que, logo de comprobar as solicitudes individuais, tiveran maior demanda.

Para solicitar a súa participación neste programa as persoas interesadas deben entregar a ficha segundo o modelo normalizado (que se pode recoller no Concello de Moraña ou ben descargarse da web: www.depontevedra.es) xunto coa documentación que se esixe na convocatoria (fotocopia do D.N.I. e tarxeta de demandante de emprego -no caso de tela-) no rexistro do Concello **ata o vindeiro 12 de xullo**.

Moraña, 29 de marzo de 2010.

O alcalde
Asdo. José A. Eiras Paz